

Resolución do 10 de febreiro de 2025, pola que se modifica o nomeamento e se ordena a publicación da composición do tribunal que xulgará as probas selectivas para a provisión de tres prazas vacantes na relación de postos de traballo de persoal técnico de xestión e de administración e servizos, funcionario/a da escala xeral administrativa, con requisito de idioma, subgrupo C1.

Mediante a resolución do 30 de maio de 2024 (DOG do 10 de xuño de 2024), convocáronse probas selectivas para a provisión de tres prazas vacantes de posto base administrativo/a, con requisito de idioma da escala xeral, subgrupo C1, mediante quenda libre.

Pola resolución do 18 de decembro de 2024, noméase e ordénase publicar a composición do tribunal que xulgará as ditas probas selectivas. Publícase na sede electrónica da UDC o 23 de decembro de 2024.

O 24 de xaneiro de 2025 publícase na sede electrónica unha modificación na composición do tribunal (RR del 21 de xaneiro de 2025) por renuncia dun membro do tribunal.

Coa finalidade de respectar o indicado no artigo 53 da Lei Orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes que establece o principio de presenza equilibrade de mulleres e homes nos órganos de selección, así como o artigo 152 da lei 7/2023, de 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia, faise necesario modificar a composición do tribunal que xulgará estas probas selectivas.

Esta Xerencia, no uso das atribucións conferidas no artigo 40 dos Estatutos desta Universidade, aprobados polo Decreto 101/2004, do 13 de maio (DOG do 26 de maio), e da delegación de competencias operada por Resolución reitoral do 10 de xullo de 2024, e conforme ao establecido na base 5.1 da convocatoria,

RESOLVE:

Publicar a composición do tribunal, no anexo desta resolución, que xulgará as probas selectivas para a provisión de tres prazas vacantes de posto base administrativo/a, con requisito de idioma da escala xeral, subgrupo C1, mediante acceso libre.

Este tribunal terá dereito a percibir as indemnizacións que lle corresponden á categoría terceira das recollidas no artigo 16 do regulamento para liquidar e para tramitar indemnizacións por razón de servizo, aprobado no Consello de Goberno do 27 de abril de 2023 e modificado por resolución reitoral o 19 de xullo de 2023.

A Coruña, asinado dixitalmente

O reitor

PD A xerenta (RR 10.07.2024)

M^a Jesús Grela Barreiro

Código Seguro De Verificación	+ho6HtNZbyaYUqNKnz7kXg==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Xerenta - María Jesús Grela Barreiro	Asinado	10/02/2025 08:45:34
Observacións		Páxina	1/2
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/+ho6HtNZbyaYUqNKnz7kXg==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



ANEXO**TRIBUNAL TITULAR**

Presidenta: M^a Jesús Caínzos López, funcionaria da Universidade da Coruña

Vogais:

Patricia Rodríguez Penas, funcionaria da Universidade da Coruña
M^a Blanca Padín Viaño, funcionaria da Universidade da Coruña
Javier López Domínguez, funcionario da Universidade da Coruña

Secretario: Juan Leis Fraga, funcionario da Universidade da Coruña, que actuará con voz e con voto.

TRIBUNAL SUPLENTE

Presidenta: María Teresa Mato Pintané, funcionaria da Universidade da Coruña

Vogais:

Sonia Lorenzo Porto, funcionaria da Universidade da Coruña
Iria Couto López, funcionaria do Servizo de Emprego Público
Antonio Daniel López Rivas, funcionario da Universidade da Coruña

Secretaria: M^a del Pilar Mahía Porto, funcionaria da Universidade da Coruña, que actuará con voz e con voto.

Código Seguro De Verificación	+ho6HtNZbyaYUqNKnz7kXg==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Xerenta - María Jesús Grela Barreiro	Asinado	10/02/2025 08:45:34
Observacións		Páxina	2/2
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/+ho6HtNZbyaYUqNKnz7kXg==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		

